# ALUMIÑOS

Especial Xacobeo 2010




Nº 25 - ANO XIX - CEIP DE PONTE SAMPAIO 2010

# Sumario


Limiar .................................................... 1
Boa viaxe ao ceo .................................................... 2
Os camiños de Santiago .................................................... 3
Día do libro .................................................... 8
Astérix e Obélix 50 aniversario .................................................... 9
A cabra despistada .................................................... 10
Pacen as vacas (Uxío Novoneyra) .................................................... 13
A illa de Medal .................................................... 14
De que te disfrazas? .................................................... 16
Semana Cultural .................................................... 21
A voz do Verdugo .................................................... 22
Visitáronnos e agasalláronnos .................................................... 24
Día mundial da auga .................................................... 25
Chega a hora ... (Uxío Novoneyra) .................................................... 26
Fomos Noticia .................................................... 27
Ciencia que conta .................................................... 28
Ramón o eléctrico .................................................... 29
Cousas nosas .................................................... 30
Primavera poética .................................................... 31
O superbarbeiro de Sevilla .................................................... 32
Centenario do nacemento .................................................... 33
Hay palabras .................................................... 34
A Santiago vou lixeiriño camiñando .................................................... 36
Don Quijote y las aventuras fantásticas .................................................... 37
La aventura que más cansó a D. Quijote .................................................... 38
Our Solar Sistem .................................................... 39
A Paz .................................................... 40
Campaña escolar de educación viaria .................................................... 41
Para aprender .................................................... 43


**O equipo de Normalización e Dinamización Lingüística manifesta que algúns traballos presentan incorreccións ligüísticas propias das idades dos alumnos/as.**

**Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron correxidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.**

Tamén eu quixen, neste Ano Santo, botar a andar e facer o *“Camiño”*. Descubrir a beleza das paisaxes e a xenerosidade das xentes. Seguir as pegadas de xeracións de camiñantes que foron deseñando as rotas, desde o mesmo momento do achádego do Santo Sepulcro.

O sacrificio e o esforzo do peregrino vese recompensado en chegando á catedral. Diante do Apóstol Santiago recupéranse os folgos e o cansazo trócase en fortaleza.

De volta estou, con renovadas ilusións e a tempo de presentarvos, un ano máis, esta escolma de traballos que nos achegan os alumnos e alumnas do CEIP de Ponte Sampaio; nesta ocasión con adicación especial á celebración do Ano Santo Xubilar 2010.

Saúde e sorte



# BOA VIAXE AO CEO ...

## MIGUEL DELIBES



Escritor e xornalista español, (Valladolid, 17 de outubro de 1920 - 12 de marzo de 2010), ocupou durante moitos anos o sillón "*e minuscula*" da Real Academia da lingua Española. É considerado un dos escritores españois máis importantes do século XX.
Estudou dereito e empezou moi novo a exercer como xornalista.
En 1947 gañou, coa súa primeira novela *A sombra do ciprés é alargada,* o Premio Nadal.
A partir de aí a súa carreira literaria desenvolveuse coroada de éxitos, ao mesmo tempo que traballaba como director do xornal *El norte de Castilla.*

De entre todas as súas obras destacan: *Cinco horas con Mario* (1966), reflexo das contradicións dentro da clase media franquista, e *Os santos inocentes* (1982), obra na que perfilou de maneira maxistral o mundo rural de Castela. Esta novela foi levada ao cinema con gran éxito polo director Mario Camus.

## JUAN ANTONIO SAMARANCH



Juan Antonio Samaranch (Barcelona 1920 - Barcelona 2010), o home que estivo á fronte do Comité Olímpico Internacional (COI) durante vinte e un anos (1980 -2001) e quen era o seu presidente de honra.
Empresario e político, recibiu en 1991 da súa Maxestade o Rei o título ao que máis agarimo gardaba, o de *Marqués de Samaranch*, e entre outros moitos títulos e recoñecementos foi tamén premio Príncipe de Asturias do Deporte.
Doutor honoris causa por varias universidades, recibiu o Premio da Paz concedido por Corea do Sur.

Era, ademais, académico da Real Academia de Belas Artes de San Jorge e posuía o Colar da Orde de Isabel a Católica, a máis alta distinción do Estado español.

*Alumnado de 6º*
*Aula de Informática*

# OS CAMIÑOS DE SANTIAGO





S. Tiago de Galiza
é un cabaleiro forte
quen lá não for en vida
ha de ir lá despois da morte.
(Dito Portugués).

Dende tempos remotos, os homes achegáronse a lugares que consideraban ligados ós deuses.

No século IX descubriuse a suposta tumba do Apóstolo cerca de Iria Flavia sendo o rei de Asturias ALfonso II o 1º pelegrin importante do camiño primitivo.

Compostela converteuse no século XII en centro de peregrinación cristiá favorecida pola existencia das calzadas romanas.

Son peregrinos a Santiago: San Francisco de Asis, Santo Domingo de Guzmán, monarcas como ALfonso IX, o duque de Aquitania en 1137, que morre perante a imaxe do Apostolo.

Os camiños a Santiago non eran só terrestres. Tamén había as rotas do mar. O maior perigo para estes era a travesía e os piratas.

# RUTAS XACOBEAS








# PERIGOS DO CAMIÑO

Viaxar en épocas pasadas era unha empresa perigosa, xa que os salteadores buscaban aumentar os seus ingresos practicando o bandoleirismo. Outros dos inconvenientes da viaxe era o descoidado estado das vías de comunicación. Nos invernos, os camiñantes tiñan problemas nas pontes, levantadas na súa maioría polos romanos. Estaban en ruínas.

Moitos collían enfermidades, morrendo algúns durante a peregrinaxe.

O primeiro peregrino de fóra de España foi o bispo de le Puy, Godelasco, no ano 951. Os peregrinos estaban exentos de pagar peaxes e impostos. Distinguíanse polo sombreiro de ala ancha e capa reforzada nos ombreiros para protexérense das inclemencias do tempo, caxato para apoiárense, unha cabaza para o viño ou auga e un zurrón para gardar as provisións.

A duración da peregrinación podía durar cinco meses ou anos. A chegada a Santiago era emocionante o que divisaba as torres da catedral era nomeado rei da expedición.

Logo de velar unha noite a tumba, aseábanse e adecentábanse para presenta-las súas ofrendas, confesábanse, oían misa e veneraban o Santo Corpo abrazados á súa imaxe. Percorrían a vila, achegábanse ata o porto de Padrón ou ata Finis Terrae.

## HOSPITALIDADE

Ao principio eran os mosteiros os que ofrecían abeiro ó caminante, logo as Ordes Hospitalarias crearon unha rede de hospedaxes.

Os romeiros evitaban as pousadas porque había estafadores,

gardábanse en casas particulares que se brindaban a facelo de balde. Se era difícil ir a un aloxamento tocaban unha campá ao caer o sol. Lavábanlle os pés e dábanlle comida e bebida. Os albergues tiñan a súa capela onde celebrar misa. Se algún peregrino morría enterrábano na mesma capela. Os seus bens mandábanse ós familiares se o defunto fixera testamento.

# O CAMIÑO PORTUGUÉS

Descorre por Portugal ata Santiago pasando por Porriño, Ponte Sampaio, Pontevedra e Padrón.

É camiño de reis, por aquí peregrinaron a raíña Isabel, Manuel I, que enviou unha lampada ao Apóstolo en forma de castelo e aceite para mantela encendida.

É camiño de trovadores e líricos coma D. Denis o rei trovador, Mendinho...

É camiño de lendas coma a do "galo de Barcelos" ou o do "cabaleiro de Maia".

É camiño de costumes coma a dos portugueses que metian nos caixas dos mortos unha moeda para pagar a barca de Santiago.

É camiño... para facer.

Alumnado de 6º

# DÍA DO LIBRO

Xuan Noemí Fabio Rosa




Raquel Igor Uxía Luis

O DÍA DO LIBRO recordamos a D. Miguel de Cervantes. Como a sua obra mais coñecida e D. QUIJOTE DE LA MANCHA, desta novela buscamos información en libros da casa, do colexio, Internet. Atopamos uns poemas moi simpáticos dos principais personaxes, lémolos, pegamos, coloreamos, grampamos e así creamos o noso 1º LIBRO.

Gustounos moito e ... ¡quedounos chulísimo!

1º CURSO

# ASTERIX E OBELIX  ANIVERSARIO

Desde a década de 1960, Asterix e Obélix convertéronse nos heroes de debuxo, xunto a Tintín, máis coñecidos do planeta e non perderon nadiña de nada da súa forza no seu 50 aniversario, todo o contrario, cada día son máis os seguidores dos galos máis famosos de tódolos tempos.

No seu medio século de vida, máis de 325 millóns de libros fixeron as delicias dos seus fans en todo o mundo. As súas aventuras foron traducidas en 107 idiomas e dialectos, ademais, oito películas inspiradas na saga, cinco delas de animación, foron proxectadas por todos os cinemas do mundo.




*Alumnado de 6º Aula de Informática*

Astérix o Galo é unha serie de historieta cómica creada por René Goscinny (guión) e Albert Udrezo (debuxo), aparecida por primeira vez o 29 de outubro de 1959 en Bobigny (Sena - San Denis), Francia.

Astérix vive ao redor do ano 50 a. C. nunha aldea ficticia ao noroeste da Galia, a única parte do país que non foi conquistada aínda por Xulio César, tamén personaxe da serie.

A resistencia destes aldeáns débese á forza sobrehumana que adquiren tras beber unha poción máxica preparada polo seu druída.



**René Goscinny (París 1926-1977)**

Debuxante e guionista de historietas, é un dos autores franceses de maior éxito en todo o mundo. A súa creación de maior éxito foron as aventuras de Astérix o Galo, xunto ao debuxante Albert Uderzo. Outros destacados traballos seus son a serie Lucky Luke, O pequeno Nicolás, e o Gran Visir Iznogud.



**Albert Uderzo (Fismes 1927)**

Debuxante e guionista francés. A súa incursión no mundo do cómic tivo lugar moi cedo, como empregado nunha editorial, o que lle permitiu aprender as súas técnicas e lanzarse á publicación dos seus primeiros traballos. é mundialmente coñecido pola súa serie de cómics sobre Astérix o Galo, en colaboración co guionista René Goscinny. Trala morte de Goscinny, Uderzo seguiu a súa carreira con Astérix en solitario.

Comparten aventuras cos nosos heroes:



**Panorámix**
Ancián druída da aldea.



**Asurancetúrix**
É o bardo. Un poeta e cantante.



**Abraracúrcix**
O xefe da aldea.



**Ideafix**
O pequeno can de Obélix.



**Julio César**
Dirixente romano.



**Edadepiédrix**
O máis vello da aldea.



**Karabella**
A muller de Abraracúrcix.


A CABRA DESPISTADA
ERASE UNHA BEZ UNHA CABRA QUE E RAMOi DES PISTADA PORQUE SIEMPRESE ESQUE CÍA DE TODO.
UN DIADECIDIU IRCOMPRAR PORQUE QUERia FACERUNHAFESTA.
ENTONCES MARCHOU AO MERCADONA. ALÍ COMPROU PAÑAIS, 5 CHUPETES, 4 MINI PIZZAS...
INDAQUE OS PAÑAIS E OS CHUPETES NON LLE FACIAN FALTA


DESPOIS VOLVEU PARA A CASA E CANDO ESTABA CHEGANDO
LEMBROUSE DE QUE SE LLE OLBIDARA O LEITE. ASI QUE FOI A O FROZ
A MERCADO. ALI CONPROU O LEITE E SETE VASOS.
FOISE E EMPEZOU A PREPARAR A FESTA ITIÑA
10 INBITADOS.
CANDO CHGARON OS INBITADOS
DERONSE DE CONTA DE QUE FALTABAN
MOITAS COUSAS: A TARTA, OS GLOBOS
¡QUE DESASTRE DE CABRA!

PERO TODOS O PASARON MOI BEN...



COS DESPISTES DA CABRA E REPARTIRON OS CHUPETES IOS PAÑALES



COLORÍN COLORADO ESTE CONTO ESTA REMATADO



ESTE CONTO O FIXEMOS OS NENOS E NENAS DE 4 E 5 ANOS DO CEIP DE PONTE SAMPAIO






Homenaxe a Uxío Novoneyra
Alumnado de 2º Curso

# A ILLA DE MEDAL



Ponte Sampaio recupera para uso público A Insuiña, la isla del pintor Antonio Medal de la que decía «pequeniña, pero miña».

Esta isla atesora mas valores artísticos que naturales, ya que en la isla mayormente solo hay pinos, eucaliptos y arbustos ornamentales, lo que no cabe duda es que vale la pena visitarla para disfrutar de la extraña belleza arquitectónica que presenta



A Insuiña, situada en la margen derecha de la desembocadura del río Verdugo, tiene una extensión de 3.810 metros cuadrados y posee elementos arquitectónicos singulares, como un palomar, un horreo, bancos de piedra, puente levadizo y lo que quizás sea su elemento más representativo, un cenador con la mesa diseñada por el propio pintor Medal.

Todo el recinto está rodeado por un



muro de piedra con almenas y un bello camino nos lleva por todo el perímetro insular, desde el que se pueden divisar bellas estampas como el puente medieval, el monte "A Peneda" o la desembocadura del Verdugo en la ría con las dos islas Alvedosas.

"A Insuiña" fue a principios del pasado siglo un lugar de artistas e intelectuales, reunidos por el pintor. Allí se celebraron recitales y tertulias en las que participaron entre otros, Asorey, Laxeiro, Castelao, Cuña Novais, los hijos de Valle Inclán y Unamuno, Ramón Cabanillas o Manuel Quiroga, entre otros.



Alumnado de 5º de E.P.

Kevin Ángel Elías Ainhoa Valeria Nerea



# DE QUE TE DISFRAZAS...?

No entroido galego, o disfrace máis popular é o de "vello ou vella" con roupas que se encontran pola casa, pero hai disfraces e festexos típicos de cada lugar.

## Madamas e galáns de Cobres.

En Cobres (Vilaboa), a xente participa, disfrazandose de Madamas e galáns.

Coidan os seus traxes con moita delicadeza e esmero. Van polas aldeas cunha charanga levando alegria polas casas, regalando bailes con grande vistosidade e colorido. Levan cintas de cores, abalorios e suntuosos sombreiros.

¡Queda Xenial!



Madamas e Galáns de Cobres

**Os ciganóns de Verín.** É o persoaxe principal do entroido de **Verín**. Son parecidos os peliqueiros. O seu traxe pesa uns 25 kilos e levan unha faixa con chocas colgadas. Na careta leva unha especie de mitra con motivos de animais



Ciganón



Xenerais do Ulla

## Xenerais e correos da Ulla

No **Ulla** celébrase o entroido con dúas bandas de xenerais enfrentadas, uns que atacan e outros que defenden. Non é unha loita con espadas, usan coplas para atacar. Vístense como xenerais da época napoleónica, levan sombreiros e medallas. Tamén están os correos que avisan de que chegan os xenerais. Todos van en cabalos, moi adornados. Logo recadan diñeiro que usan para facer a festa.



## As chorrúas de Allariz



As chorrúas de Allariz, recorren as rúas de Allariz sempre soas e se as recoñecen cambian de troxe. O seu grito de guerra é "chorrúa merda crúa".

O seu troxe é [illegible], podendo levar calquera roupa, sempre que sea moito colorida. Tamén pode levar peliças e cho[illegible] [illegible]ais empregados son coiro de vaca, a mad[illegible] [illegible]ella.

A súa misión é ir po[illegible] casas pedindo viño e chourizos e a súa costume de ensuciar os zapatos dos mirós a facían [illegible] e temida.

## As pantallas de Xinzo

O entroido de Xinzo de Limia goza de gran popularidade en toda Galicia. Está considerado dende fai anos de Interés Turístico Nacional.

As pantallas visten calzóns e camisa brancos, zapatos e polainas negros, capa de seda vermella con cintas multicolores, pañoletas no pescozo e unha especie de corno.

As notas sonoras proceden das campás e cascabeis que levan prendidos dos seus

cinturóns, así como dunha vexiga de porco inchada que portan das súas mans.

Disfrutan botando fariña ao primeiro que pillan por diante.



Pantalla

Boteiro



A personaxe máis popular de Vilariño de Conso.

A máscara esta feita de madeira de bidueiro, pintada de negro e o bico vermello. Leva unha camisa con fitos de cores.

O pantalón, encarnado, con flecos, sobre o cinto leva os campaíños do gando. No remate do bácolo ponse a cola da raposa.





## Os Cabicheiros ou Merdeiros de Vigo:

Son uns personaxes do carnaval vigués. Os mariñeiros disfrázanse diso. O seu obxetivo era incordiar á xente, tirándolle peixe podre. Este personaxe creouse a partir da rivalidade entre os mariñeiros e labregos do pobo de Vigo.



## Os Peliqueiros De Laza

En Laza, Ourense a máscara mais importante son os peliqueiros. Levan chocos e látigos nos mans para apartar as persoas do camiño. Vístense con caretas de madeira, chaqueta e pantalón con adornos. Colgados da careta levan uns pondóns. E adícanse a botarlles formigas a xente.



5

Alumnado de 6º de E. P.

# PROGRAMACIÓN CULTURAL
## "DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

*Alumnado do 2º ciclo*
*Aula de Informática*



Un ano máis **Benxamín Míguez** contou uns contos moi divertidos aos pequenos.

**Don Alfredo López** explicou aos alumnos de 5º e 6º curso como se elaboran as noticias e como se fai un periodico.



Camilo, Noelia e Iria ensinaronnos a linguaxe dos xordos.

Tamén vimos unha pelicula que mostraba que "***entre todos podemos***"





Paseando polo **río dos Gafos** descubrimos gran variedade de árbores, plantas e animais. Tamén vimos unha víbora. **Que medo!!!**



Celestino Lores, presidente da Asociación de Amigos do Camiño Portugués falounos dos Peregrinos e da beleza do camiño.



Os alumnos de infantil divertíronse no Z**oo da Madroa** e sorprendéronse ao ver tantos animais.



Coas actividades que fixemos no **Xogo do Papapío** aprendemos moito sobre o escritor galego Carlos Casares.

No **parque de Mollabao** practicamos as normas de circulación como peóns, en bici e conducindo cars.





# A VOZ do VERDUGO

Domingo, 25 de xullo de 2010 | Redacción: E.N.D.L. CEIP de Ponte Sampaio | Nº 3


# 2010 - ANO XUBILAR COMPOSTELANO

**En Santiago de Compostela encóntrase a Tumba de Santiago o Maior, un dos doce Apóstolos que acompañaron a Xesús durante os tres anos da súa vida pública. Algúns feitos mostran que era, con Pedro e Xoán, do grupo dos tres máis íntimos.**




## Contorno familiar e social

Fillo de Zebedeo e Salomé, era o irmán maior de Xoán o Apóstolo. Orixinarios de Betsaída vivían na cercana Cafarnaún e traballaban no oficio familiar da pesca, nas ribeiras do lago de Xenesaret (lago de Galilea), asociados con outra parella de irmáns, Pedro e Andrés, traballo para o que contaban con empregados ocasionais. Deste círculo de pescadores Xesús escolleu os seus primeiros catro discípulos: Pedro e o seu irmán Andrés e Santiago mailo seu irmán Xoán, cos que marchou a súa nai Salomé.

## O evanxelizador da Península Ibérica

Conta a tradición que despois da morte e resurrección de Cristo os seus Apóstolos separáronse para estenderen e ensinaren os Evanxeos por todo o Mundo.
Xesús dixéralles: *"Seréde-las miñas testemuñas en Xerusalén, en toda Xudea en Samaria e ata a fin da terra."*
Santiago elixiu a parte máis occidental do mundo coñecido, a Hispania romana (España e Portugal). Durante máis dunha década predicou por estas terras. Aínda que non hai un só documento cristián que o mencione, tradicións escritas dos primeiros séculos e narracións orais de moitos lugares falan da súa predicación. Segundo a tradición, o 2 de xaneiro do ano 40, a Virxe María aparecéuselle en Caesaraugusta (actual Zaragoza), sobre un pilar, hoxe venerado na bas¡lica de Nosa Señora do Pilar. A tradición da Virxe da Barca, en Muxía, similar: a nai de Xesús, aparéceselle nunha nave de pedra sobre o Océano e confórtao e anímao a seguir predicando entre os galaicos.



## Martirio en Xerusalén

Cando volta a Xerusalén Herodes Agripa I, rei de Xudea, mándao decapitar. Así, no ano 44, Santiago convértese no primeiro dos Apóstolos que sofre martirio.
*"Por aquel tempo, o rei Herodes comezou a perseguir a algúns da igrexa. Ordenou matar a fío de espada a Santiago, o irmán de Xoán; e como viu que isto agradara aos xudeus, fixo arrestar tamén a Pedro".*

## Traslado a Compostela

Segundo a tradición popular, os restos de Santiago foron trasladados dende Palestina ata Galicia de forma milagrosa: dous dos seus discípulos, Teodosio e Atanasio, por cumplir co rito arraigado entre os apóstolos de ser enterrados onde predicaron, deciden levar o seu corpo ata o país galego. Nunha barca aparellada por disposición divina e guiados por un anxo, emprenden a viaxe. Cruzan o Mediterráneo e chegan a Galicia, desembarcando no porto de Iria Flavia, moi preto de Padrón. Depositan o corpo nunha rocha que, ó instante, derrétese e toma a forma dun sartego. Despois de varios feitos milagrosos, a raíña Lupa, dona de toda esta rexión, concédelles un lugar para o enterramento, nunha zona situada a uns 15 km de Iria. O lugar recibiu o nome de "Liberum Donum" ou "Libre-don".
O monumento funerario ficou abandonado durante séculos. Derrubáronse os seus muros, cubriuse de fraguiza o lugar e esqueceuse o sitio exacto do seu emprazamento.

## O descubrimento

Acababa de principiar o século IX, cando un pastor chamado Pelaio creu ver un misterioso resplandor sinalando un lugar no monte Libredón, próximo o cabo de Fisterra.
Púxoo en coñecemento do bispo de Iria Flavia, Teodomiro, quen acudiu a inspeccionar o lugar achando unha arca de mármore e no seu interior uns restos humanos.
Teodomiro declara por revelación divina que era aquela a tumba do apóstolo Santiago e avisa ao rei Alfonso II quen ordena levantar unha primeira igrexa onde se venere o Santo.
Arredor dela empézase a congregar cada vez mais xente.
Santiago de Compostela acaba de nacer.
Peregrinos de toda Europa comezan a camiñar en dirección a capital galega. A primitiva igrexa de ladrillos e barro foise convertendo nunha catedral de grandes proporcións, sempre rodeando o lugar onde se encontrou a arca cos Restos Sagrados.

## Orixe dos Anos Santos

Desde o 25 de xullo de 1122 cada vez que o día de Santiago cae en domingo celébrase, na cidade do Apóstolo, ano santo e xubilar. Así o dispuxo o Papa de entón, Calixto II. Medio século despois, o Papa Alejandro III, en 1179, mediante a Bula "Regis aeterni", conferiulle carácter de perpetuidad a esta graza xubilar. Desde entón, o ano xubilar compostelán repítese en secuencias de 11, 6, 5 e 6 anos e volta a comezar. Cada século hai catorce anos xubilares. 2010 é ano santo, o 119 ano xubilar compostelán da historia e o segundo do terceiro milenio. Os últimos anos xubilares composteláns foron en 1982, 1993 , 1999 e 2004; os próximos serán nos anos 2021 e 2027.

## Grazas xubilares do Ano Santo

Para gañar o xubileo compostelán necesítanse catro requisitos: visitar a catedral e a tumba do Apóstolo; rezar polas intencións do Papa; e, quince días antes ou despois da peregrinación á catedral, confesarse e comulgar. A estes catro requisitos, bo sería engadir, fiel ao espírito da tradición da Igrexa, outro: unha obra de caridade.
Deste xeito, o ano santo será ocasión privilexiada para a gran "perdonanza" (perdón dos pecados e das penas dos pecados) e para a conversión, que os peregrinos do medievo, simbolizaban entrando á catedral compostelá pola porta do perdón e saíndo, unha vez cumpridos os citados requisitos, pola porta da gloria.

## VISITOUNOS E AGASALLOUNOS CO SEU TALENTO ...

### Fina Casalderrey

Estar hoxe en Ponte Sampaio
foi unha festa na que
as miradas que tiven perante
de min foron sabedeiros doces.
Moito me presta que a vosa
ollada pouse nalgunha das
páxinas que escribín para vós.

De corazón

Fina

Abril 2010





Fina Casalderrey Fraga, naceu en Xeve (Pontevedra) en 1951.

Exerceu como mestra dende os dezanove anos, e na actualidade dá clases de ensino secundario. Foi no ensino onde comezou a crear e dirixir pezas teatrais representadas polo seu alumnado.

Colabora na prensa, revistas, congresos, xurados, pregóns, charlas-coloquio, mesas redondas... sobre literatura, gastronomía, entre outros temas.

En 1991 deuse a coñecer no mundo das publicacións coa novela xuvenil *Mutacións xenéticas*. No ano 1996 foille concedido o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa novela *O misterio dos fillos de Lúa*.

A maior parte da súa obra está traducida ás linguas peninsulares.

# DÍA MUNDIAL DA AUGA

## 22 DE MARZO



O gasto medio en España é de 171 litros por persoa e día.

*Ao longo dos tempos, o home tivo que aprender a acumular, conservar e trasladar a auga para sobrevivir.*

A metade da poboacion dos paises non desenvolvidos non dispoñen de inodoros nin sumidoiros.

A auga actúa como un gran termostato suavizando os contrastes térmicos.

**A AUGA PINTA NAS TERRAS GALEGAS OS SEUS MELLORES LENZOS.**

Galicia debe á auga boa parte dos lugares máis fermosos da súa xeografía

**NA COCIÑA GÁSTASE O 10% DA AUGA DA VIVENDA**




Os romanos construíron acueductos como mellor sistema para abastecer as cidades

Os recursos hídricos descenden un 1,5% cada ano.

O 65% da auga emprégase no cuarto de baño.

**Na Idade Media resíduos e feces vertíanse á auga que se consumía, o que causaba enfermidades**

*Substituír o baño pola ducha aforraría algúns litros de auga.*

A produción de alimentos require 25.000 $hm^3$ de auga ao ano en España

COLABORA



Cada día morren unhas 25.000 persoas por unha mala xestión da auga

Alumnado de 6º

LETRAS GALEGAS

2010

Chega a hora de irse á cama.
O lume xa non da fume
nin chama.
Tras tantas cousas contadas
van indo acabadas
as ganas de falar.
O ollo do lume
xunta nanha as miradas...



Queda a brasa das ragoadas
amontoada no lar.



Homenaxe a Uxío Novoneyra
Alumnado de 2º Curso

# FOMOS NOTICIA



**Magosto** Los alumnos del CEIP de Ponte Sampaio celebran el otoño
Los alumnos del **colegio de Ponte Sampaio** celebraron ayer un magosto con castañas asadas y juegos populares en el patio del centro. DP

especial

## Pequenos bombeiros e policías

Algúns dos alumnos do CEIP Ponte Sampaio visitaron as instalacións da Policía Local e o Parque de Bombeiros de Pontevedra. Alí, os profesionais de ámbolos dous organismos explicáronlles ós rapaces o traballo que realizan día a día. Despois da parte explicativa chegou o momento máis divertido: a acción, pois os nenos e nenas tiveron a oportunidade de facer prácticas coas mangueiras, subir ós camións e facer soar a serea dos vehículos da Policía, entre outras moitas actividades. Para finalizar, os cativos, moi emocionados, recibiron unha gorra como recordo deste día. FOTO CEIP PONTE SAMPAIO





**Diversión** El teatro como alternativa educativa
Los alumnos del **CEIP de Ponte Sampaio** asistieron con muchas ganas a la representación de 'Bicharadas' en el Teatro Principal. Una forma de aprender pasándolo bien.



Toda a riqueza do mar nun só edificio



**Ópera** Escolares de Ponte Sampaio asistien a una adaptación de 'El barbero de Sevilla'
Un grupo de escolares de 2º y 3º ciclo del CEIP de Ponte Sampaio asistió -en el Pazo da Cultura- al espectáculo de ópera infantil 'El superbarbero de Sevilla', adaptación de la célebre obra del compositor italiano Gioacchino Rossini. DP



**Celebración** Grandes y pequeños se unen a la programación del Entroido de Ponte Sampaio
Una gran fiesta tuvo lugar ayer en el **CEIP de Ponte Sampaio**, a la que asistieron, además de los alumnos y profesores del centro, los padres y las madres de los niños, que no dudaron en disfrazarse y disfrutar de la 'Queima do Meco', de la Corrida do Galo, de la degustación de los postres típicos de Carnaval y, como no, de un baile que duró toda la mañana.



**Literatura** Fina Casalderrey charla con los niños del CEIP de Ponte Sampaio
Alumnos de 2º y 3º ciclo de Primaria del CEIP de Ponte Sampaio charlaron esta pasada semana con **Fina Casalderrey** sobre la lectura. La escritora de Xove les firmó algunos ejemplares.



**Educación** Sesión de lectura infantil
Los alumnos más pequeños del **CEIP Ponte Sampaio** asistieron a una sesión de animación a la lectura con el Xacobeo y la Editorial OQO.

## ¡Alto! Somos la policía menuda

**De excursión.** Los alumnos de Infantil del CEIP Ponte Sampaio se convierten en Bomberos y agentes por un día **De relax.** El cantante Manu Carrasco se prepara para sus conciertos en el Balneario de Mondariz

DE CAFÉ CON CUCA



**Visita** Los niños de Ponte Sampaio visitan las instalaciones de la Policía Local

# CIENCIA QUE CONTA

Dúas alumnas do CEIP de Ponte Sampaio: Ainhoa Soto Boullosa, de 5º curso, e María Lago Bernárdez, de 6º curso, foron premiadas no 2º concurso de relatos curtos de temática relacionada coa ciencia "CIENCIA QUE CONTA".



O acto de entrega de premios tivo lugar no Museo do Mar de Galicia, o pasado domingo, día 22 de novembro.

Ainhoa Soto acadou o 1º premio na categoría de alumnado de Educación Primaria polo seu relato "Explorando a Margarita".

Nesta mesma categoría resultou premiada cun accésit María Lago Bernárdez, coa historia "Un invento, por fin!"

### Principio do conto "Explorando a Margarita" - Ainhoa Soto Boullosa



*Un día, o ano pasado, estaba eu xogando co meu irmán Anxo no xardín. De súpeto a miña nai chamou a Anxo para que entrase a axudarlle a facer a merenda. Entón quedeime soa e escoitei voces. Pensei que viñan do parque, pero non. Fun ver se era a miña nai, pero tampouco. Mirei detrás da casa a ver se era algún amigo pero nada. Nun momento vireime e escoitei atentamente. Aquelas voces viñan dunha margarida!*

*Escoitei moi sorprendida e díxome:*

*- Oe ti!, axúdame, por favor!*

*Entón, do susto case me caio para atrás. A margarida volveume dicir:*

*- Pero non te asustes muller, que non é para tanto!*

*E eu díxenlle:*

*- Como que non?, se me deches un susto de morte. As plantas non falan!*

*- Nunca lles falamos a os humanos, pero é que teño un problema moi grande e non sei que facer.*

*- Que che pasa?*

*- Pois que levo uns días atopándome moi mal.*

*...*

# RAMÓN O ELÉCTRICO

Habría unha vez un home que se chamaba **Ramón o Eléctrico** e vivía en Paredes co seu irmán. Ramón, nunca saía da casa, só a coller o periódico, o Marca.

Un día cando saíu da casa foi a coller o periódico e decidiu ir ao hospital Montecelo, porque notaba mais **electricidade** no cabelo. Cando chegou ao hospital comentoulle ao doutor: É que teño electricidade na cabeza xa levo moito tempo, meu irmán púxome uns **cables** e uns enchufes na cabeza porque onde vivimos non chega moita electricidade, para poder xogar "Play Station".

Ramón non podía saír da casa porque senón seu irmán non podía xogar a "Play Station", polo que o médico lle contestou:

- dille a teu irmán que deixe de xogar tanto para que poidas

**DESCONECTAR DA ELECTRICIDADE**



Jose 6º de primaria

# COUSAS NOSAS

- Damos a benvida a profe Conchi de 3º e 4º, Conchi de Relixión e, Susana e Loli de Infantil .

- Dende que nos puxeron o canón de vídeo na aula , as clases, molan máis.

- Fixemos algunhas saídas: fomos a ópera do Barbeiro de Sevilla, ao mercado, ao Domus ,… ao acuario .Que bonitas son as focas!

- Practicamos o inglés cuns peregrinos de Oregón.

- Grazas a profe Mar , os vermes de seda xa forman parte das nosas vidas.

- Visitáronos Os de ciencia divertida, un periodista da Voz de Galicia , Celestino Lores , os de Papapio e os de "Vaipolorio".Grazas a todos.

- Fixemos unha video conferencia con Loro Park ¡Que espalda plateada teñen os gorilas!

- Pinco, a nosa mascota, ten a súa páxina web! Disque vai en Tanzania…!

- Que divertido foi que Xacobou nos entretivese coas súas probas e lendo con el fixemos o camiño de Santiago.

- Os de 6º deixamos o colexio ¡Que pena nos vai a dar!

Alumnado de 6º

# PRIMAVERA POÉTICA

## A PRIMAVERA CHEGOU

Empeza a facer calor
a primavera axexa
florecen as árbores
a neve cesa.

Vóan as bolboretas
polas verdes pradeiras
traballan as abellas
facendo as colmeas.

Canta o reiseñor
coa súa voz prodixiosa
lle contesta a urraca
parecendo ruidosa.

Chega a primavera
tan colorida
nótase nos campos.
Ai, que fina!

Nicolás C.S.

## CANTAS COUSAS!

A primavera é unha boa estación
nacen flores a montón.

Unha das flores son as rosas bonitas e
fermosas.

Outra é o ave do paraíso
sempre che fai sacar un sorriso.

Pera elas a auga é moi importante
para iso necesitan un estanque.

O nenúfar, no estanque
ten fermosura galante.

Failles falta un bo abono
que non contamine a capa de ozono.

Santi V.S.

## CANDO OS PAXAROS CANTAN

Unha florciña medra,
un paxariño canta,
chegou a primavera.

Veñen as andoriñas,
fan os seus niños,
adornan as casiñas.

Pían os paxaros,
papagaios, loros,
merlos e canarios.

Adeus primavera,
xa ven o verán.
Que bonita era!

María L.B.

A

# O superbarbeiro de Sevilla



Onte fomos a Pontevedra á representación dunha ópera adaptada da obra de Rossini "O barbeiro de Sevilla".



# O seu autor

Rossini naceu en Pesaro en 1792, un 29 de febreiro. Xa tocaba na banda de música aos 6 anos. Compuxo moitas óperas, entre elas, "El barbero de Sevilla", unha das máis coñecidas. Compúxoa cando tiña 24 anos, en tan so 15 días. As súas óperas tiveron moito éxito en vida do autor. Morreu en París en 1868.

María 6º

# Centenario do nacemento de:

## GONZALO TORRENTE BALLESTER



Naceu en Ferrol no 1910. Estudou Dereito, en Oviedo. Ensinou na Universidade de Santiago, en Madrid, no norte de América e en Salamanca, onde finou no 1999.

OBRAS:

- *Los gozos y las sombras*
- *El retorno de Ulises*
- *El Quijote como juego*
- *Memoria de un inconformista*
- *Los mundos imaginarios*

Recibiu o premio Miguel de Cervantes e o Príncipe de Asturias.

## MIGUEL HERNÁNDEZ



Naceu en Orihuela (1910), de pequeño adicábase ao pastoreo e mentres coidaba o rebaño lía e escribía poemas.
De maior marchou a Madrid a conseguir traballo e foi nomeado colaborador en misións pedagóxicas. Casou con Josefina Manresa e tivo tres fillos.
Estivo no cárcere varias veces, onde morreu de tuberculose e bronquite no ano 1942.
Algunhas das súas obras son:

- *Perito en lunas*
- *Viento del pueblo*
- *Cancionero y romancero de ausencias.*

Algúns dos seus poemas foron musicados por Joan Manuel Serrat.

Alumnado de 6º

# Hay palabras





Hay palabras redondas
como luna llena,
como cero, como sol.

Hay palabras que acompañan
como libro,
como amigo,
como madre.



Hay palabras que lloran
como dolor, como vergüenza
o como nube.



Hay palabras amargas,
como abandono,
como rechazo,
como soledad.



Hay palabras difíciles,
como adiós, como perdón,
como te quiero.



Hay palabras malditas,
como racismo,
como violencia,
como maltrato
o como odio.




Hay palabras que ríen
como sonajero,
como chiste,
como payaso.
Y las hay tristes como
despedida, como muerte.







Hay palabras y palabras.

Hay las que se dicen
y las que se callan.

Hay las que duelen
y las que alegran.

Y las que abren puertas
misteriosas.

Alumnado de
5º de E. P.




Alumnado de E. Infantil 3 anos


Don Quijote y las aventuras fantásticas
¡Jesús Panza Ayúdame!!
D. Quijote se encuentra en un apuro.
Espere Vuesa Merced que alla voy
¡SOCORRO!
Jesús Panza explica lo que pasa
Ayuda Jesús Panza
Espere
Pero vienen los guardias y lo llevan al torreón
¡Calla!
¡Ayuda!
Jesús Panza y Rocinante corren al ataque a salvarlo
¡Jesús Panza ¡has vuelto!
Rocinante distrajo a los guardias y Sancho entra en la Torre
Finalmente salen del Torreón
¡Vamos! ¡Corra Vuesa Merced!
Ya para acabar Don Quijote corrió y se fuerón muy contentos.
Se fuerón cansados, pero contentos
¡Menos mal!
Gracias Jesús Panza
¡Vamos a buscar más aventuras
Fin




Alumnado do 2º Ciclo

# Our solar system

There are eight planets in our solar system.
We live on the Earth.
The sun isn't a planet. It's an enormous star! The planets go around the sun. The Earth is the only planet in our solar system with life, because there is oxygen.







Those in the sixth year.

# A Paz




1º curso

## Campaña escolar de educación viaria 2009/10

Co obxecto de impulsar e fomentar a educación viaria entre o alumnado dos colexios de Pontevedra, a Policía Local do concello organiza cada curso unha campaña dirixida aos nenos e nenas de 5º de Primaria que inclúe charlas, obradoiros e concursos destinados a premiar os mellores traballos en calquera dos ámbitos da seguridade viaria.

- **Concurso redacción de cartas**

Traballo premiado do CEIP de Ponte Sampaio:



Querido papá:
Quero felicitarte polo teu aniversario. Como pasa o tempo! e canto levas camiñado!

A vida dá moitas voltas e tixo tes dous fillos, Vicky e eu. Xuntos coa axuda de mamá e os avós imos nunha dirección única: ser unha familia feliz. Para iso, é necesario respetar as normas viarias, para non ter accidentes que nos leven ao hospital.
Se te pasara algo, o meu mundo derrumbaríase e soamente podería pensar na morte.
Non seras animal ao volante, respeta os semáforos e non te lances.

Cando fagas unha viaxe se prudente. e si te da o sono para nun restaurante a tomar un café.
Respeta as normas por favor e non uses o móbil mentres conduces.
Quérote:

Kevin.



- **Concurso mensaxes SMS curtos**

Traballo premiado do CEIP de Ponte Sampaio:



# PARA APRENDER

**1.-** A que dúas celebridades lles desexamos "boa viaxe ao ceo" polo seu falecemento neste ano?

**2.-** Como se chamaba a bolsa na que os peregrinos gardaban as provisións?

**CAXATO** **MALETA** **CUNCHA** **ZURRÓN** **ESCLAVINA**

**3.-** Une cada persoaxe co seu nome:




Edadepiédrix
Obélix
Panorámix
Abraracúrcix




**4.-** Que animal é o protagonista do conto que fixeron os alumnos/as de E. Infantil?

**5.-** Verdadeiro ou Falso:

- ☐ A Illa de Medal ten unha extensión de 3180 $m^2$
- ☐ Nela atópase un castelo medieval
- ☐ Alí se reunían en tertulia persoeiros como Castelao ou Ramón Cabanillas

**6.-** Une cada disfraz coa localidade a que corresponde:

| | |
|---|---|
| **Cigarróns** | **Vilariño de Conso** |
| **Madamas e Galáns** | **Vigo** |
| **Charrúas** | **Verín** |
| **Pantallas** | **Laza** |
| **Boteiros** | **Allariz** |
| **Cabicheiros** | **Xinzo** |
| **Peliqueiros** | **Cobres** |

**7.-** Sabes onde naceu Fina Casalderrey?



Con que novela acadou o **P**remio **N**acional de **L**iteratura **I**nfantil?

En que ano recibiu ese premio?

**8.- C**ompleta as frases sobre a auga:

O gasto medio en España por persoa e día é de ................ litros de auga.
Na cociña gástase un ........ % da auga da vivenda.
Cada día morren .................... persoas por unha mala xestión da auga.

**9.- E**scribe os tres versos seguintes deste poema de Uxío Novoneyra:

*Chega a hora de irse á cama.*
*O lume xa non da fume*
*nin chama.*
*Tras tantas cousas contadas*
*van indo acabadas*
..........................................................................................................
..........................................................................................................
..........................................................................................................

**10.- O**rdea as letras e saberás que país visitou a nosa mascota Pinco:

N A A
T I
N Z A

**11.- L**ocaliza na sopa de letras o nome, os apelidos e a localidade de nacemento de dous escritores dos que se cumple este curso o seu centenario:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G | O | R | I | H | U | E | L | A |
| O | Z | E | L | E | U | G | I | M |
| N | L | T | R | R | O | U | S | N |
| Z | E | S | U | N | F | Ñ | G | H |
| A | R | E | R | A | G | C | B | Z |
| L | A | L | F | N | I | A | V | X |
| O | C | L | O | D | E | A | E | M |
| H | R | A | F | E | R | R | O | L |
| A | G | B | E | Z | O | P | I | L |
| T | O | R | R | E | N | T | E | T |





**12.- B**usca nas páxinas da revista 16 letras que se atopan agachadas dentro dun símbolo coma este ⌂ . Anótaas, ordénaas e completa con elas a mensaxe:

¡¡ _ _ _ _ _ _ _   _ _ _ _ _ _ _ _ _ !!




Alumnado de 1º de E. Primaria